

## ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**22 de decembro de 2023**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D<sup>a</sup>. María Sandra Bastos Míguez (PP), D<sup>a</sup>. María Nava Castro Domínguez (PP), D<sup>a</sup>. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D<sup>a</sup>. Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D. José Carlos López Campos (PP), D. Carlos López Font (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D<sup>a</sup>. María Ortega Iñarrea (BNG), D<sup>a</sup>. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D<sup>a</sup>. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste a deputada D<sup>a</sup>. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Sr. Presidente.- Moi bo día a todos e a todas. Vamos a dar comezo a este Pleno extraordinario previsto para as nove e media da mañá.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



1.8099.- **RESOLUCIÓN DE RECLAMACIONES PRESENTADAS CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO DE 2024 E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO (EXPTES. 2023074656 – 2023066955 – 2023051181)**

Sr. Presidente.- Como único punto da orde do día, a Resolución de reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2024 e aprobación definitiva do mesmo. Ten a palabra o Voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Presidente, compañeiros do equipo de goberno, deputadas, deputados, moi bo día a todas e a todos. Asistimos este venres, previo ó nadal, a unha sesión plenaria extraordinaria para debater a aprobación definitiva dos orzamentos do ano 2024 da Deputación de Pontevedra, sen ningún tipo de contratemplos. As contas máis altas da historia desta administración 189,2 millóns de euros. Un orzamento, que xa todas e todos coñecemos, que paso a presentar polo miúdo e que será aprobado de forma definitiva. En primeiro lugar, gustaríanos remarcar que o orzamento será un 4,2% superior ao do exercicio 23, un total de 7,6 millóns de euros máis para poñer a disposición da cidadanía da provincia. Unhas contas que son ademais fiel reflexo das nosas prioridades como goberno, son as contas do municipalismo. A partida de Cooperación está dotada con 66 millóns de euros, medra un 16,4%, 9,3 millóns de euros máis para apoiar ao concellos da nosa provincia; nin máis nin menos que un de cada tres euros deste orzamento dedicárase directamente a satisfacer as necesidades dos 61 municipios da nosa provincia. Un servizo que inclúe o Plan Máis Provincia, que disporá en total de 48,2 millóns de euros, o maior plan de obras e servizos da historia desta casa. O Plan Provincia Comunitaria e Máis Aqua dotado con 2 millóns de euros, i convenios específicos para as cidades, para Vigo e Pontevedra, por valor de 7,5 millóns de euros incluíndo Balaídos. Ademais do Servizo de Cooperación estas contas deixan clara a aposta do goberno provincial por áreas estratéxicas como o Deporte, o Turismo ou a Cultura. A partida destinada a Deportes está dotada con 5,5 millóns de euros, medra un 19% máis, é dicir, 900 mil euros, unha cantidade que roza os 10 millóns de euros se temos en conta o Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, dotado con 4 millóns de euros, que xa temos en marcha como ben saben. A partida de Turismo medra tamén ata os 5,6 millóns de euros, que supón unha suba real ó manter o investimento sen contar con axudas europeas. I a partida de Cultura que experimenta tamén un incremento notable ata acadar os 4,7 millóns de euros, un incremento do 20%.



Unha cantidade, ademais, que roza os 15 millóns de euros se sumamos o orzamento do Museo de Pontevedra de 10,3 millóns de euros, un 3,2% superior ao do 2023. Ademais prestamos especial atención a un dos grandes desafíos que debemos afrontar no futuro inmediato que é o Reto Demográfico e o apoio á xuventude. Para iso creamos un novo Servizo de Xuventude i Reto Demográfico, dotado con 1,2 millóns de euros para a novas liñas de subvencións dirixidas á mocidade da nosa provincia, que ascenderán a 230 mil euros; o impulso á organización de actividades xuvenís dotado con 100 mil euros; investimentos relacionados coa mocidade, que suman outros 100 mil euros; subvencións por valor de 30 mil euros para os centros educativos da provincia; e un fondo de preto de 600 mil euros para accións relacionadas co reto demográfico, como programas para rematar coa fenda dixital nos concellos. Pero hai outros aspectos igualmente salientables como son: a aposta pola Finca Mouriscade, cuxa partida medra un 16,5% dentro dun orzamento medio de Medio Ambiente que tamén crece un 6,4%; ou o apoio ó Centro Príncipe Felipe, que recibirá un 4,4% máis de recursos chegando ata os 13,1 millóns de euros en total. Tamén a potenciación da Escola de Enfermería, cuxo orzamento medra un 5,6% para superar o medio millón. E a seguir facendo da Estación Fitopatolóxica do Areiro unha referencia internacional cun 15,8% máis de fondos. E tampouco nos esquecemos dos empregados desta casa, tan necesarios para o bo funcionamento e eficacia desta Institución, o Orzamento de 2024 inclúe unha suba na retribución do persoal do 3%; ademais este goberno comprométese a crear 26 novas prazas de emprego público nesta Deputación. En resumen, unhas contas históricas que deixan claro o municipalismo deste goberno ao tender pontes coa administración local, reforzan as áreas estratéxicas para esta provincia como son o Deporte, o Turismo e a Cultura e amosan a sensibilidade ante desafíos de futuro para a nosa provincia como é o reto demográfico ou o coidado do medio ambiente. Gracias Presidente.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra o Voceiro do Bloque Nacionalista D. Cesáreo Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Bo día a todos e a todas. Eu, antes de nada, quero agradecer publicamente a retirada dos bolardos espantosos que estaban aí diante, xa o intentara co Sr. Abeledo, imaxínense o tempo que vai alá, e por unha serie de circunstancias non se deu sacado, pero agora deuse sacado e agradézolle creo que gaña bastante todo, ou sea, eso puxéranse no seu momento porque se estacionaba aí en batería para que non se meteran os coches, fíxose o estacionamento no ano 84, e desde aquela non teñen ningún sentido, pois agora,



afortunadamente, logrouse, pois o meu agradecemento como cidadano e como concelleiro en Pontevedra. En segundo lugar, eu non sei a que viñemos aquí, escoitando ó Sr. Cubela non sei a que viñemos, creo que hoxe tocaba resolución de alegacións, das alegacións non dixo nin pío, ni pío, ou sea, falou outra vez, colleu o discurso do Pleno anterior, debeuse equivocar de Pleno, hai un corremento de días e tal, que tampouco é nada grave, máxime nesta época na que estamos, ¿non?, en fin, non se dixo absolutamente nada das alegacións, que poderíamos non ter este pleno, senón houbera as alegacións non existiría este pleno, estaría aprobado definitivamente, entónce me parece que está un pouquiño fóra de lugar. En terceiro lugar, quero dicir que case todas son de persoal, as alegacións, polo tanto, como dixemos no pleno pasado vamos a, vamos, se foran as alegacións en si iámonos abster, como tamén vén, a aprobación, que non sei si ten que vir ou non, pero bueno, na orde do día vén a aprobación definitiva, pois na aprobación definitiva, en consonancia co que aprobamos, co que votamos no anterior, no pleno no que se debateron os orzamentos, votaremos en contra. E por último, falando das propias alegacións, eu creo que é un pouquiño de crueldade nesta época, digo de crueldade, que, digo nesta época, hoxe da lotería, os papás noeles e o que sexa, é que nesas alegacións vén unha solicitude expresa por parte dun sindicato de que se faga unha nova RPT; claro, nós aí non entramos, como dixemos, home, pero o outro día o señor, vamos, o Vicepresidente segundo, o Sr. Rafael Domínguez, é a súa gran ilusión facer unha nova RPT, ¿verdá?, e resulta que non lle satisface, nesta época creo que é cruel, ¿non?, a ilusión que pode ter un deputado do goberno, que non lla satisfagan, ¿non?; xa sabemos que a RPT significaría unha subida superior ó que está aí, ese 3% que citou o Sr. Cubela, pero aínda o outro día se ocuparon, ¿non?, de, vamos, no Pleno de Pontevedra de mostrar esa ilusión, esa ilusión propia destes tempos, por unha nova RPT. Repito, estamos coas alegacións, o noso posicionamento queda claro e non creo que teña moito sentido estendelo nin tan sequera agriar, digamos, especialmente o Pleno nesta época porque habería unhas cantas cousas co que facelo pero non creo que sexa, segundo como vaia entraremos ou non.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra o Voceiro Socialista D. Carlos López Font.

Sr. López Font.- Bueno, muchas gracias Presidente. Buenos días a todas y a todos. Antes de que la intervención crítica con este presupuesto surta otro efecto, quiero en este momento neutro en nombre de nuestro grupo desear una feliz



navidad a todos, en estos momentos, y sobre todo desear salud y, ya digo, felicidad. Bueno, le sobraron 5 minutos al Sr. Cubela y, más que nada, creo que su intervención hay que destacarla por lo que se olvidó, recogió una serie de cifras que de alguna forma vamos a combatir dialécticamente. Decía Unamuno aquello de “vencer sin convencer”, y hoy ustedes es verdad que van a aprobar los presupuestos de esta Diputación para 2024 pero sin convencer a nadie. Porque, precisamente, uno de los olvidos del Sr. Cubela es el objeto de esta Diputación que son los concellos. Bueno, llevan ustedes 5 meses, ha sido un verdadero festival de errores y algún que otro escándalo y corruptela. Recordando y repasando, porque lo he hecho, de estos 5 meses, el discurso de toma de posesión del Presidente ha envejecido de forma alarmante, aquello de que iba a ser una administración municipalista, que sigue repitiendo como un mantra, ha quedado en papel mojado, porque a día de hoy, con el turrón y las uvas en la mesa, los 59 alcaldes y alcaldesas de esta provincia, el Sr. López les mintió el 16 de octubre, siguen sin saber cuánto van a recibir de la Diputación para el próximo año, cuánto van a recibir, que es su derecho y no otra cuestión. Después de 8 años en los que el anterior gobierno, comunicaba en octubre, -ría, ría, Sr. Cubela, que estamos a 22 de diciembre-, volvemos al oscurantismo, y entre esos alcaldes que recibían la información está hoy el Presidente, el actual Presidente, y también el portavoz. Acabamos de conocer las bases del plan menos provincia y se constata que se mintió a los alcaldes y alcaldesas, pero también a la prensa, diciendo que no iba a haber cambio de criterios, ha habido cambio de criterios, estos criterios se siguen manejando a la medida del Partido Popular y tiempo habrá de debatir esta cuestión. Lo que si podemos decir ya es que se ha abierto la puerta a chorro para el gasto corriente, el gasto corriente, problema de alcaldes y alcaldesas del Partido Popular, es el protagonista principal del plan menos provincia en detrimento de las obras y servicios, fue una pena que el Sr. Cubela no dijera que se retiran de obras y servicios 7 millones y se meten a gasto corriente, dado que estaba tan interesado en convencernos con las cifras. Por lo tanto, se va a financiar el gasto corriente, inclusive de años anteriores, y hasta parece ser que tendrán cobertura los temas extrajudiciales, cuestión que ya resulta absolutamente increíble. Miren, esta Diputación con este plan menos provincia va a suplantar la escandalosa falta de financiación por parte de la Xunta de Galicia, que mantiene congelados los ingresos de los concellos desde hace 14 años; Feijóo, Rueda van a marchar y van a dejar 14 años con los mismos 112 millones que hace 14 años, y no sólo con eso, sino con regalos envenenados, que yo siempre me refiero a él, al Alcalde de A Estrada, que dijo de aquello que le obliga la Xunta de Galicia. Por lo tanto, este es un presupuesto colaboracionista



con la Xunta de Galicia, en el sucedáneo del Plan Concellos cada vez se parece menos al Plan de obras y servicios que mandata la Ley de bases de régimen local. En el mandato anterior el Sr. Cubela nos dio unas lecciones de derecho constitucional sobre este tema que ahora parece ser que no tienen en cuenta. Por lo tanto, este plan va a estar al servicio de los más endeudados, concellos del Partido Popular, que luego presumirán, seguro, de buenos gestores. Bueno, en cuanto al presupuesto del año 2024, ya lo dijimos pero queremos reiterarlo, porque es verdad que se presentaron una serie de enmiendas con la intención de mejorar este presupuesto, que evidentemente no han sido atendidas, y lo que es evidente es que este presupuesto es posible gracias a la buena salud económica que ustedes heredaron, entre otras cosas, con el tema de fondos europeos, que me permito, nos permitimos felicitar al Sr. Cubela porque ha tardado 5 meses en reunirse con la oficina de fondos europeos que le dejamos creada, pero bueno, 5 meses para hacer una reunión interna, Sr. Cubela, al ritmo caribeño tampoco está mal. Un presupuesto que se beneficia de los 800 mil euros de ahorro de la Escuela de Cantería y ahí hacen ustedes un enjuague de cifras que no se corresponde. Y ciertamente son unos presupuestos como ustedes, de derechas, unos presupuestos que se cargan las políticas de igualdad, las de memoria democrática y también las de movilidad inclusiva y políticas sociales, lo definimos en la aprobación provisional de hachazos ideológicos y hoy lo reiteramos. Traen aquí, evidentemente, un presupuesto de chapapote, antiigualdad, antimunicipalista y antisocial. También es un presupuesto rancio, recuperando aquella copa de Diputación de fútbol del Sr. Louzán, ese mago de las entradas de Pasarón, y el famoso plan de acción caciquil. Por lo tanto, las cifras, las dijimos en el Pleno de aprobación provisional y las reiteramos aquí, en el Área de Igualdad se cargan ustedes el 28%, esto se le olvidó al Sr. Cubela, de 2,1 millones a 1,6 millones, se confirman los peores augurios, es verdad que el Sr. Presidente cuando tiene ocasión hace encendidos discursos en favor de las mujeres, pero luego llegamos a las políticas concretas y esos buenos deseos del Presidente no se confirman en donde realmente se deben de confirmar. Fíjese Sr. Cubela que se olvidó de que en infraestructuras hay un recorte del 22%, en una partida tan importante que era de 21,2 millones y baja a 16,5, la verdad es que el manejo de usted con las cifras es algo ciertamente increíble. Es evidente que no les importa lo más mínimo la seguridad vial; la partida para convenios con los concellos en obras de movilidad integral baja de 3 millones a 400 mil euros, no vayan a ningún congreso por ahí hablando de la política de movilidad de esta Diputación porque ciertamente van a hacer el ridículo y van a dejar de ser referencia. Memoria democrática y patrimonio, claro rasgo de derecha, recorte del 28,4. En Cultura,



dice usted que sube el 20%, pero si es la recuperación de la Escuela de Cantería, Sr. Cubela, y se ha olvidado decir en este Pleno que se muere el Programa Musigal que permitió a todos los concellos tener actuaciones musicales. Cohesión Social, una bandera del Partido Popular, pero bandera negra, porque son ayudas de emergencia social que pasan 356 mil euros a 15 mil euros. Deportes, cámbienle el nombre, pongan el servicio de fútbol con esta recuperación de la Copa de la Diputación de Pontevedra y con el tema este todo, el escándalo de las entradas. Y luego recuperan la Vuelta Ciclista que, casualmente, esto me imagino que es una casualidad, la Vuelta Ciclista va a pasar por Pontearreas, alcaldesa del PP y Baiona, alcalde del PP, no hay ningún otro concello que merezca que la Vuelta Ciclista pase por allí, pero sigan ustedes barriando para los suyos. Bueno, en Turismo muy poquito. En Empleo, también se le ha olvidado al Sr. Cubela hablar de empleo, pasan de 1,8 a 1,2 millones en una reducción en el Programa “A túa primeira experiencia laboral”, que ha sido una incorporación al mundo laboral, desde luego, sin parangón; y en el tema del Practicum Depo, pues después del último comentario el Sr. Domínguez ya dejó de ir a Madrid a recoger este tema porque igual no le gustaba tener que decir que era un programa que venía de atrás. Y luego está el servicio buñuelo para el Sr. Cubela, que habló de, pomposamente, de xuventud y reto demográfico; y también se le olvidó decir al Sr. Cubela que la teleasistencia, tan importante para pontevedresas y pontevedreses se reduce en un 30%, dicho de otra manera, de 100 beneficiarios de teleasistencia que había, 30 van a quedar fuera por la decisión del Sr. Cubela, ya nos explicará algún día este tema. Y me falta, déjeme 10 segundos, y me faltan las partidas de publicidad y propaganda, 8 años quejándose aquí le las partidas de publicidad y propaganda y resulta que ahora ustedes las incrementan. No podemos votar a favor de este presupuesto, ya lo dijimos en el Pleno de aprobación provisional y lo reiteramos hoy. Gracias.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Font. Ten o turno de palabra o Voceiro do Grupo provincial do Partido Popular, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Si, nada, ó Sr. Mosquera agradecerlle o tono da súa intervención, aproveitar ademais para felicitar as festas aos dous grupos, os compañeiros do BNG e do PSdeG-PSOE. O único dicirlle que agradecemos a súa dobre felicitación porque xa o fixo en Comisións Informativas o outro día pero quen fóra Vicepresidente da Deputación nos últimos oito anos para tomar unha mínima medida coma esa, pero bueno, agradecémosllo igualmente. Miren, eu co tema das datas temos que sacar moito peito Sr. Font, vostedes durante 3



exercicios consecutivos, durante o 15, o 16 e o 17, aprobaron o Plan Concellos, as bases do Plan Concellos, as primeiras o 29 de decembro, o segundo ano o 28 de decembro, melloraron un día, i ó terceiro exercicio volveron ó primeiro ano ó 29 de decembro; o 29 de decembro de 2015 aprobaron as bases do Plan Concellos, o 28 de decembro de 2016 aprobaron as bases do Plan Concellos i o 29 de decembro aprobaron as bases do Plan Concellos no ano 17, logo xa foron mellorando un mes, xa fomos aprobándoas o 30 de novembro. Esta Deputación trae as súas iniciativas en tempo e en prazo. Miren, quen lle preparou o discurso equivocouse, equivocouse en varias cousas, unha delas como a última, con respecto ó Musigal, o Musigal non só sigue existindo e aparecendo nos documentos do orzamento senón que se leva a contía bruta de medio millón a 550 mil euros, medra en 50 mil euros o gasto previsto para o Musigal. I o que é menos importante, que este é un goberno que cumpre, cumprimos co noso compromiso de comezar o próximo ano cos orzamentos aprobados, cumprimos co noso compromiso de poñer as administracións locais no centro da nosa acción de goberno, i cumprimos o noso compromiso de reforzar os investimentos e autonomía cos concellos, y tamén do tecido asociativo, esquecidos i vapuleados durante os últimos 8 anos do seu goberno. I voules a refrescar a memoria con todos os programas que en menos de 5 meses fomos quen e capaces de aprobar e de poñer en marcha. O Plan Máis Provincia, poden buscar en toda a hemeroteca i na axenda institucional desta Deputación, pero o Plan Máis Provincia é un plan récord, dotado con 48,2 millóns de euros, que marcará un antes i un despois i que vai achegar máis investimento, máis autonomía e máis apoio ao reto do futuro dos concellos desta provincia. O Plan Máis Provincia é o plan máis ambicioso, maior dotado de toda a historia da Deputación de Pontevedra. Vamos a explicar ben en que consiste porque vostede coa matraca de datos que dou igual se esqueceu, que comparado co Plan Concellos este plan si resume porque escoitou ós alcaldes as necesidades dos concellos. Mire, o 70% do orzamento resérvase para investimentos, serán os gobernos locais i non vostedes nin a propia Deputación, quen lle terá que dicir aos concellos en que o terán que destinar, por iso despois de escoitar durante os últimos anos a todos os alcaldes de distinto signo político imos a flexibilizar as regras para sufragar gasto corrente con fondos de investimento. Ademais crearase unha liña nova de 1,2 millóns de euros para proxectos transformadores, repartidos con criterios obxectivos i non por concorrencia competitiva, i teremos en conta por primeira vez o reto demográfico e a perda de poboación á hora de repartir os fondos. Miren, non sexan hipócritas, ¿sabe quen van a ser os concellos que teñan que flexibilizar primeiramente i maiormente as liñas de investimento





para poder pagar facturas? O Concello de Poio, o Concello de Vilagarcía, o Concello de Catoira, o Concello de Cangas, o Concello do Grove, estes últimos todos superan a débeda viva en máis de 4 millóns de euros, todos gobernados pola esquerda antes das eleccións municipais deste ano. Miren, ademais imos aprobar o plan atendendo ós concellos que máis perderon poboación nos últimos 10 anos i os que maior índice de envellecemento presentan, segundo a relación entre a poboación maior de 64 anos e a menor de 20. Ademais cremos que o reparto por primeira vez se vai a saber exactamente como é, porque a sorpresa da chegada deste novo goberno é a adquisición de información i é que os criterios do Plan Concellos non se facían en Cooperación se facían en Presidencia, menuda sorpresa levarían moitos alcaldes coñecendo esta información i ó mellor o Bloque, que non o sabía. Pois miren, agora con transparencia e luz i taquígrafos, vai a ver unha liña 1, para financiar investimentos, que dedicaremos o 70% do total, 33,74 millóns de euros; para a liña 2, para atender o gasto corrente, 8,3%, 4 millóns; para a liña 3, para activación do emprego 9,2%, 9,25 millóns de euros; i a liña 4, que é nova, dotada con 1,2 millóns de euros para financiar a redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas, con criterios obxectivos i non por concorrencia competitiva. Xa digo que por primeira vez os concellos van a saber con luz i taquígrafos o que lles corresponde. I agora Sr. Font terá a palabra para replicar pero teña coidado con expresións como corruptelas porque tamén temos información de x gastos que si quere llos sacamos aquí i que implican o que vostedes atacan a compañeiros nosos a vostedes, nos primeiros meses de goberno do ano 2015, unha lista extensa, si quere podemos debater de ese tipo de situacións que vostede antes sibilamente deixaba aquí por debaixo da porta.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Cubela. Ten a palabra o Voceiro do Grupo Nacionalista César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Agora hai outra traslación no tempo e estamos na comisión que vamos a ter ás 12 ou no próximo Pleno, digo porque estamos discutindo o Plan Concellos ou o Plan Máis Provincia que creo que toca no seguinte Pleno, estamos saltando dun lado para outro que a verdá é que, bueno, está ben, dá a sensación, é que inda non se falou para nada das reclamacións que é o que estamos discutindo hoxe aquí, creo que a única referencia fíxena eu, fun moi breve, bueno, pois seguimos. De todas maneiras, teño que agradecer unha cousa, ¡eh!, que normalmente en período preelectoral neste aquí nos arregades uns sarrochazos o PSOE e o PP gloriosos discutindo de



política xeral, polo menos hoxe discútese de cousas da Deputación, que non teñen nada que ver coa orde do día, pero bueno, algo é algo, algo avanzamos, porque, a verdá, xa me temo o próximo Pleno que empecemos a discutir, ¿non?, da política do Estado, da Xunta, e dálle que che pego sin ter nada que ver co que falamos aquí, pero bueno, é habitual tamén, ¡eh!, son cousas que non se dan corrixido, como tampouco demos corrixido, Sr. Cubela, si non lle gustou a felicitación polos bolardos retíroa, ¡eh!, tampouco, non nos poñamos así, home, a ver, é que de verdá, de verdá, en todo caso si unha reflexión, as cousas ás veces son máis complicadas do que parecen; e o Sr. Abeledo intentou sacalos, o Sr. Louzán intentou sacalos i eu intentei sacalos, e non foi posíbel, fíxense vostedes, unha chorrada dese calibre, ¿por que?, bueno, pois igual porque algún funcionario se cabreaba si se quitaban ou cousas polo estilo. Entonces, unha vez que se fai, home, pois fágoo; o recoñecemento parece que non lle gustou, bueno, pois se non lle gustou, pois, si, ¡ah!, bueno, vale, en todo caso era unha cousa colateral. Eu, repito, é dicir, e con respecto ás alegacións, a min o que me sorprende, o que me sorprende á parte do que dixen antes, do disgusto que lle dan ó Sr. Domínguez, que a súa nova ilusión, o ... xoguete son as RPTs e non se fai, e entonces, home é cruel e demais, a min o que me sorprende é a cantidá delas aceptadas, ou sea, hai un problema, digamos, a ver hai unha norma que esto son motivos regrados e hai algunhas que dubido moito que estean entre os motivos regrados, máis ben son cuestións de oportunidade que tiñan que estar antes, non agora, non agora, pero bueno, como son todas de política de persoal e aí, repito, creo que a oposición o que temos que facer é deixar que o goberno se entenda como poida, porque senón podía falar dos bombeiros aquí tamén, por exemplo, e demais, pero non creo que tivera sentido pois reitero o sentido do voto e, eu non sei, é dicir, aquí había antes e hai, ¿non?, houbera unha vez, ou dúas ou tres, que houbera plenos que foran moi breves, entonces resulta que houbo algún medio que sacou, dividiu 400 euros, tal, entre 5 minutos, 80 euros o tal, entonces pois, non foi ningún acordo, pero digamos na práctica ás veces alargabamos os Plenos, ¿non?, falando de cousas que non tiñan nada que ver para que non se fixera esa división, non sei se é o caso de hoxe, non sei se é o caso de hoxe, non, non, facíámolo, ¡eh!, facíámolo, porque claro, digamos que non é correcto dicir cobre usted, pero resulta que todo o que fago todo o mes calquera de nós que non teña dedicación e non cobra nada co cuál o do Pleno pois é unha maneira un pouco retorcida de léelo. Pero bueno, para que non se dera esa lectura, pois falabamos doutras cousas, do que fixera falta, para que esa conta non dera, non sei se é o caso de hoxe, en todo caso transcendencia vai a ter a xusta porque mañá me parece que toda a prensa o que trae, e hoxe o que vai a



traer, son os números da lotería premiada e non premiada, ¿verdá?, que á xente lle preocupa moito máis que estas discusións fóra de sitio que temos aquí.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra D. Carlos Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidente de nuevo. Yo me imagino Sr. Cubela que cuando habla usted de hipócritas debe de estar pensando en usted, debe de estar pensando en usted porque la intervención que ha hecho no sé si se la prepara usted o se la preparó alguien pero desde luego ya le llega. Mire, no hay ningún programa aprobado, no hay ningún conocimiento por parte de alcalde-alcaldesa cuál van a ser las cantidades que van a tener. ¿Hablamos de fechas? Pero si el anterior gobierno en el año 2015 tardó 12 días en convocar a los alcaldes y alcaldesas, y ustedes han tardado en convocar 102 días, y porque llegaba el balance de los 100 días, y en este momento nadie sabe lo que le corresponde, ese es el problema, el problema es que ustedes tienen una hoja de cálculo Excel, que ya nos gustaría que nos enseñaran, para saber a quién van a favorecer con este plan menos provincia. Mire, Sr. Cubela, permítame que se lo diga, parece patético que usted ahora se convierta en el defensor de los municipios de izquierdas, ¿pero como nos puede decir que este plan menos provincia va a favorecer a determinados concellos que gobierna la izquierda?, bueno, ciertamente resulta ridículo. Por lo tanto, no tienen ustedes aprobado absolutamente nada porque que yo sepa el Pleno ordinario es próximamente. Miren, en el pasado mes de julio nosotros dijimos, en la toma de posesión, que haríamos oposición, la hemos hecho y les hemos obligado a reunirse con los alcaldes y alcaldesas, después de 102 días, porque se mandó una carta por parte del Presidente diciendo que no iba a haber reunión y, efectivamente, somos los depositarios del primer plan para todos los concellos en el año 2016, cuestión que no había antes con los gobiernos de derechas, que ha permitido el que se hayan realizado 3.000 mil obras y 9.000 mil contrataciones, ¿pero cómo que los concellos van a decidir ahora? Si ya estuvieron decidiendo los concellos durante 8 años, Sr. Cubela, hombre si lo dijera cualquiera de ustedes que no es alcalde o alcaldesa, a lo mejor tendría disculpa, pero oírsele a usted es absolutamente increíble. Hoy 22 de diciembre nadie sabe lo que le va a corresponder, usted utiliza la forma verbal durante todas las intervenciones de se hará, se creará, tendrán, pero lo concreto absolutamente nada. Por lo tanto, miren aquí hay ciertas preocupaciones que ustedes como grupo y como gobierno deberían de pensar, y es, pongo el ejemplo, de que el Estado ha anunciado el que incrementa en un 22% las asignaciones a los concellos, la Xunta de Galicia después de 14 años 0%, creo que a un gobierno



que debe de gobernar en toda la provincia esto le debería de preocupar y lo deberían de denunciar ustedes, y lo que está claro es que han mentido a los alcaldes y alcaldesas cuando vinieron aquí, cuando el Presidente no permitió preguntas, cuando dieron ustedes 8 hojas, absolutamente ridículas, que fueron objeto de broma y le dijeron a la prensa que no iban a cambiar los criterios cuando si han cambiado. Por lo tanto, esto es una cuestión de que han ido amoldando durante todo este tiempo la mejor forma de favorecer a sus concellos y, por lo tanto, volvemos a la época de Louzán en toda regla. Por lo tanto, aquí hay ciertamente un desprecio a los ayuntamientos, y el plan menos provincia es lo más importante de esta Diputación, es aquello a lo que tienen derecho los concellos, se debe de hacer en tiempo y forma; y es que el anterior gobierno no solo se anticipaba en fechas a ustedes sino que reunía a alcaldes y alcaldesas, se lo transmitía previamente a hacerlo público y, por lo tanto, hay una diferencia fundamental. Por lo tanto, ustedes a lo único que se han dedicado en estos 5 meses es a un logotipo, con una P mayúscula, que el Presidente el día en que presentó el logotipo y el presupuesto, primero era el logotipo y luego el presupuesto. Mire, yo le voy a recomendar especialmente al Presidente que revise su discurso, que revise el discurso de toma de posesión que hizo, porque nosotros hoy aquí, en la aprobación del presupuesto el hecho más importante durante todo el año nos sentimos muy orgullosos de la posición que tuvimos en ese pleno de toma de posesión. Debo de decir sin falsa modestia que ustedes saben que fuimos un buen gobierno el anterior, porque ustedes, Partido Popular, también estaban hartos de la época y de la forma de hacer de Louzán, y en 5 meses ustedes con sus actuaciones todavía nos han hecho mejores al gobierno anterior, porque lo más importante, no han sido leales con los concellos y el ejemplo lo tengo a mi derecha, mi compañera la alcaldesa de Redondela, durante 8 años hubo un alcalde del Partido Popular y durante los siguientes años, 4 años, una alcaldesa del Partido Socialista, durante esos 8 años esos 2 gobiernos tuvieron conocimiento de lo que iban a percibir, hoy ustedes les castigan con que no, no es un desprecio a la Alcaldesa de Redondela y al resto de los alcaldes es un desprecio a toda la provincia. Perderemos una votación pero hemos ganado la legitimidad de lo que se hizo y saldremos por ahí con el orgullo de haber traído la democracia aquí, cuestión que ustedes están ... Gracias.

Sr. Presidente.- Vaia rematando Sr. Font, por favor. Grazas Sr. Font. Ten o último turno de palabra o Voceiro D. Jorge Cubela.



Sr. Cubela López.- Pois si, tamén asumimos as aportacións lexítimas de que a Deputación deba facer unha nova RPT, nós imos a dialogar, a debater i a chegar a acordos cos traballadores noutros concellos, outros gobernos, como o da capital da provincia, nin os reciben. Miren, claro que é lexítimo tamén por parte do goberno vir aquí a expoñer de forma clara, por segunda vez, as contas que traemos para gobernar coas iniciativas que propoñemos o exercicio 2024. Vostedes sempre defenden que este non é un foro político, este é un foro político, este é un foro político onde se toman decisións políticas despois de escoitar aos axentes implicados. Digan o que queiran, digan o que queiran, eu son alcalde dende o ano 2011 despois de gañarlle as eleccións municipais en Cotobade a un alcalde Socialista. Vostedes aprobaron o Plan Concellos o 29 de decembro do ano 15 e posteriormente en xaneiro comunicaron aos concellos, aos alcaldes, as cantidades que lles correspondían no seu Plan Concellos. Miren, o Plan Concellos, non inventen, non nos fagan pensar e crer que vostedes chegaron aquí como os reis magos a entregarlle no portal de belén o neno Xesús os seus regalos, o Plan Concellos é o herdeiro de todos os plans anteriores de Cooperación que tiña a Deputación de Pontevedra, ¡claro que si!, o Plan de Obras i Servizos chamado antes, i agora que nós, esto é un feito, igual que o Plan Culturea é o herdeiro de todos os plans culturais que tuvo a Deputación e que non inventaron vostedes. Miren, o novo goberno da Deputación do Partido Popular, que preside Luis López, en menos de 5 meses, aprobación do Plan Máis Provincia, coa maior dotación de recursos económicos para os concellos da historia; 48,2 millóns de euros, aprobou i dotou máis fondos económicos Luis López, en 5 meses, para os concellos da provincia, que vostedes en 8 anos de goberno a través do Plan de Cooperación, non só aí, o Plan Provincia Comunitaria i o Plan Máis Aqua, recuperamos a existencia de colectivos tan importantes na nosa provincia como son as asociacións de veciños que fan unha labor de cohesión social i de vertebración do territorio imprescindible, i o Plan para as comunidades de usuarios de augas. ¿Saben cantas axudas vostedes dedicaron e repartiron en 8 anos a estes colectivos? 0 euros. Nós un plan dotado con 2 millóns de euros, pregúntenlle, pregúntenlle aos colectivos se están de acordo en que existan estas axudas. Miren, vostedes teñen persoas afíns nestes colectivos que van a pedir estas axudas, e o feito máis constatable de que é un bo plan i de que vai a tirar por terra todo o seu discurso nestes anos. O Plan de Infraestruturas Deportivas, un plan dotado con 4 millóns de euros, repartido con criterios obxectivos a todos os concellos, non por concorrencia competitiva como o sacaban vostedes, a todos para facilitar aos concellos a tramitación, a disposición do gasto i a presentación de solicitudes. I tamén, por suposto, xa



estamos aprobando bases como o Plan Culturea que é o antigo Plan Cultural desta casa, incrementando, apoiando ao tecido folclórico i asociativo cultural da provincia de Pontevedra. ¿Sabem o primeiro que fixeron vostedes cando chegaron aquí? Reducir as partidas para este tipo de colectivos, as liñas para vestuario, as liñas para actuacións, as liñas para actividades eso foi o que vostedes fixeron i esta é a diferenza, que nós vimos para devolverlle o seu peso específico ós colectivos da provincia de Pontevedra i tamén co apoio claro i efectivo aos concellos da nosa provincia, cun plan que vai ter liñas obxectivas coa distribución dos fondos para poboación coa súa superficie, co número de núcleos e, por primeira vez, coincidencia do reto demográfico.

Sr. Presidente.- Vaia rematando Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Rematei Sr. Presidente.

*(Escóitase unha voz)*

Sr. Cubela López.- Feliz Navidade, feliz Nadal a todos, que este orzamento vaise aprobar.

Sr. Presidente.- Ben, Sr. Font, eu só como un pequeno, un pequeno apunte, porque vin o Voceiro Socialista moi centrado en temas de datas, dun gran plan, que aplaudiron todos, e celebran o espírito do mesmo e a contía que se destina a todos os alcaldes de todas as cores políticas, e o vexo moi centrado no tema das datas, e facía mención a cando eu era alcalde. Eu cando era alcalde, non na última convocatoria que houbo do Plan Concellos 22-23, por ser período electoral, efectivamente, publicaron as bases a finais de novembro pero é que nos anos anteriores, no ano 21 as bases publicáronse o 4 de xaneiro e creo recordar que 10 días despois se nos comunicaba aos concellos por carta a cantidade que tínhamos. No ano 20 a aprobación foi, creo recordar, o 2 de xaneiro e se nos comunicaba 10 días despois a cantidade que dispoñíamos; e no ano 18, que tamén houbera un plan 18-19, publicación nos primeiros días de xaneiro, e creo recordar que a comunicación aos 10 días despois. ¡Oe!, estamos a 22 de decembro, polo tanto, coidado cas datas, coidado co que se comenta e a colación tamén do que lle dicía ao Sr. Cubela. Vamos a proceder sen máis á votación deste único punto da orde do día que é a resolución de reclamacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2024 e



aprobación definitiva do mesmo. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Queda aprobado por maioría de 14 votos.

Ben, damos por finalizada esta sesión extraordinaria teremos antes unha para a semana, ordinaria, o próximo venres 29. Desexarvos unhas felices festas, desexarvos sorte, que está tendo lugar o sorteo da lotería, e senón toca como se di nestes casos, ¡oel!, pois que haxa saúde. Moi bo día a todos.

Resultando que por acordo adoptado no Pleno da Corporación celebrado o 10 de novembro de 2023 aprobouse provisionalmente o orzamento provincial para o ano 2024, cadro de persoal e relacións de postos de traballo, sendo publicado o anuncio no Boletín Oficial da provincia nº 218 do 13 de novembro de 2023.

Resultando que o prazo establecido para formular alegacións á relación de postos de traballo é de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo que finaliza o próximo día 13 de decembro de 2023.

Resultando que dentro do referido prazo, presentáronse a través da sede electrónica da Deputación as seguintes alegacións- reclamacións ás RPT's, cuxo contido se expón, de forma extractada, a continuación:

#### **A) Alegación do funcionario D. Daniel Santos Carragal, rexistro 29/11/2023**

Dito funcionario, que ocupa o posto de traballo de xefatura da Unidade de cociña no Centro Príncipe Felipe, manifesta a súa desconformidade coa modificación do contido do seu posto de traballo ao asignarlle as funcións de xefatura da Unidade de cociña e comedor, sen que isto implique unha revisión do nivel de complemento de destino nin a asignación do factor dedicación dentro do complemento específico, pois ata agora veu desenvolvendo as tarefas de encargado de comedor polas tardes fóra da súa xornada laboral. Entende que a proposta non ten en conta o incremento da dedicación que deriva da resolución de incidencias que afectarán a ambas xefaturas nas quendas de tarde, fins de semana e festivos dado o horario de traballo do Xefe de cociña, de 8 a 15 horas, de luns a venres, e tampouco atende á carga de traballo que suporía ocuparse integramente da xestión do Servizo de Comedor, conformado por 12 persoas, supervisión das tarefas de limpeza, realización e cobertura de rexistros obrigatorios pola lexislación hixiénico-sanitaria, cobertura de quendas en caso de ausencias do persoal, emisión de informes para RRHH, asignación do período de



vacacións, supervisión de horarios, solicitudes de material, supervisión e control de maquinaria, etc.; polo que considera dita modificación incorre nunha vulneración da legalidade vixente e non resulta adecuada e obxectiva para unha mellor organización e prestación do servizo de comidas, carecendo da motivación esixida na Lei de Procedemento Administrativo. Por último, propón como mellor solución a nivel organizativo, a asignación do factor dedicación dentro do complemento específico, o que conlevaría realizar a actividade en réxime de total dispoñibilidade, podendo ser requirido para a prestación de servizos en calquera momento fóra da xornada laboral establecida. De esta forma cubriríanse as quendas de mañá e tarde de ambos servizos, ademais de atender as incidencias que puideran xurdir en fins de semana e festivos.

## **B) Alegacións da sección sindical de UGT, rexistro do 04/12/2023**

En xeral, reitera as alegacións formuladas na Mesa Xeral de Negociación, que en síntese versan sobre as seguintes materias:

- Maior crecemento do gasto de persoal.
- Revisión das bases de aplicación de retribucións, en relación coa valoración do complemento específico (factor especial dificultade técnica), as gratificacións por horas extraordinarias, retribucións por xornadas especiais, axuda económica por asistir a cursos e anticipos reintegrables.
- Transformacións, cambios de adscrición de postos entre centros e servizos e redistribución de efectivos.
- Disfuncións no cadro de persoal.
- Creación do grupo B.
- Postos de atención ao público.
- Configuración do contido do cadro de persoal.
- Creacións de prazas, reclasificacións e revisión de niveis en varios postos de traballo de distintos Centros e Servizos da Deputación Provincial.

De forma específica, cuestiona a creación dunha praza de técnico superior A1 no Servizo Oral que non estaba prevista na proposta inicial do deputado delegado, e lévase a cabo sen ter en conta ou someter a debate outras situacións similares, o que provoca agravio comparativo e xera malestar no persoal.





Como consecuencia, solicita finalmente mellorar o complemento específico coa asignación do factor dedicación ás prazas de técnico A2 do Oral e o recoñecemento de responsabilidades en áreas específicas, así como continuar co proceso de tecnificación do Oral, incrementando no próximo exercicio e vindeiros as prazas dos grupos A2 e A1 para a súa provisión por promoción interna, co fin de favorecer o recoñecemento de funcións do persoal A2 que as vén desenvolvendo.

### **C) Primeira alegación da sección sindical de CCOO, rexistro do 12/12/2023**

En xeral, reproducen as alegacións presentadas na Mesa Xeral de Negociación, que en síntese tratan sobre as seguintes materias:

- Elaboración dunha nova relación de postos de traballo e guía de funcións.
- Implantación da Carreira Profesional.
- Reactivación das aportacións da Deputación ao Plan de Pensións e o incremento desta cantidade.
- Actualización dos importes dos gastos de deprezamento do persoal por razón do servizo.
- Ampliar as dotacións orzamentarias dos beneficios sociais do persoal da Deputación.
- Revisión das normas de aplicación das taxas de inscrición en procesos selectivos.
- Incremento das contías das seguintes gratificacións por horas extras e xornadas especiais
- Implantación do teletraballo.
- Modificación da forma de provisión de postos de traballo nalgunhas xefaturas de servizo.
- Creacións de prazas, reclasificacións, revisión de niveis en varios postos de distintos centros e servizos da Deputación Provincial, asignación de dedicacións ou perigosidades, así como outras cuestións relativas á oferta de emprego público e á convocatoria de prazas.

### **D) Segunda alegación da sección sindical de CCOO, rexistro do 13/12/2023**



A través desta alegación solicitan a creación de seis prazas con destino á Finca Mouriscade, así como a cobertura das vacantes e convocatoria das ocupadas por interinos.

Resultando que en consideración ás alegacións presentadas, convocouse a Mesa Xeral de Negociación para o día 14/12/2023. Nesa reunión expuxéronse os cambios a ter en conta para a aprobación definitiva, que son a creación de dúas prazas A1 para o Servizo Oral, a creación dunha praza de técnico/a de calidade C1 para Areiro, a creación dunha praza de técnico/a de turismo C1, a creación dunha praza de analista de laboratorio C1 e a reclasificación dunha praza de administrativo/a C1, con cargo á amortización de tres prazas vacantes, incluíndose tamén a revisión do complemento de destino de cinco postos de oficial de servizos xerais e subalternos por equiparación a outros do mesmo subgrupo de clasificación e funcións, e a asignación do factor perigosidade a un posto do Museo Provincial, ademais de dous cambios de adscrición e denominación de postos de traballo por adecuación ós cometidos que teñen encomendados.

### **E) Alegación Sindicato USO, rexistro do 04/12/2023**

Este sindicato pon de manifesto e critica o seguinte:

- Non contemplar o custo da promoción interna e do teletraballo, ademais de discriminar a uns empregados sobre outros.
- A externalización dos servizos, o excesivo nº de dedicacións, a amortización de prazas non vacantes ou a súa conversión en prazas con menor complemento, a provisión por libre designación e non concurso, a falta da carreira profesional, o incremento do importe das horas extras, a dotación presupostaria para a nova RPT, a falta de cobertura das necesidades, o complemento de produtividade ou a existencia de agravios comparativos en postos iguais.
- Incluír no Consorcio Provincial do Servizo de extinción de incendios e salvamento todo o persoal laboral, xa sexa subrogado ou non, como persoal temporal, cando o Tribunal Supremo cambiou a doutrina pasando de indefinido a fixo. Ademais indican que debería crearse un posto de Coordinador de seguridade e emerxencias no cadro de persoal.

Polo que solicita que se cubran as vacantes, funcionarizar algunha das prazas ocupadas por persoal laboral e proceder á consolidación/estabilización dos



empregados públicos temporais, debendo corrixirse o sinalado no apartado anterior.

Resultando que, por razóns organizativas e de mellora do funcionamento dos servizos, á vista das alegacións presentadas á aprobación inicial e valoradas as necesidades existentes nos distintos centros e servizos, o deputado delegado de persoal, consultadas as vicepresidencias e deputados/as de área, PROPÓN:

Primeiro.- aceptar parte das alegacións e incluír as seguintes modificacións:

1. A creación de dúas prazas do subgrupo A1, de técnico/a superior de xestión tributaria, con posto de traballo de técnico/a tributario/a, adscrito ao Servizo ORAL, a fin de impulsar a promoción interna do persoal do subgrupo inferior que vén desenvolvendo maiores funcións e co fin de dotar os servizos de persoal técnico de nivel superior. Esta creación levarase a cabo sobre dúas prazas de técnico medio do subgrupo A2, as cales se declaran a extinguir unha vez rematado o correspondente proceso selectivo, para así non duplicar a consignación orzamentaria.
2. A creación dunha praza do subgrupo C1, de administrativo/a de admón. xeral, con posto de traballo de igual denominación, adscrito ao Museo Provincial, co obxecto de facilitar a promoción interna do persoal do subgrupo inferior que asume maiores funcións. Esta creación levarase a cabo sobre unha praza de auxiliar do subgrupo C2, a cal se declara a extinguir unha vez rematado o correspondente proceso selectivo, para así non duplicar a consignación orzamentaria.
3. A creación dunha praza de técnico/a de turismo, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Turismo, para dar maior estabilidade ó servizo de atención ao público e información turística.
4. A creación dunha praza de técnico/a de calidade, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito á Estación Fitopatolóxica de Areeiro, para que se encargue dos certificados de calidade actuais AENOR e IQnET así como do ENAC esixido pola UE para o diagnóstico de determinados patóxenos.



5. A creación dunha praza de analista de laboratorio, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Medio Ambiente, Finca Mouriscade, dado o volume de traballo existente no laboratorio e aos cambios de adscrición de dous postos deste centro por redistribución de efectivos.
6. A amortización dun posto de traballo laboral fixo de administrativo/a do Museo Provincial por defunción do titular e para compensar as anteriores creacións.
7. A amortización dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, con posto de traballo de administrativo adscrito ao Servizo de Medio Ambiente, vacante pola xubilación da titular.
8. A amortización dunha praza de enxeñeiro/a técnico/a agrónomo/a, do subgrupo A2, con posto de traballo de xefatura de sección loita biolóxica A2-25 adscrito a Estación Fitopatolóxica Areeiro, vacante por promoción da titular.
9. A revisión do complemento de destino de cinco postos de traballo de oficial/a de servizos xerais e subalternos do Museo Provincial, que pasan do nivel 16 ao 17, por equiparación a postos do mesmo subgrupo de clasificación e funcións.
10. A asignación do factor perigosidade ao posto de traballo de oficial/a de servizos xerais e de mantemento de nivel 17, do Museo Provincial, por equiparación a postos de traballo de similares características do mesmo centro de traballo, expostos a idénticos riscos e que contan con 0,70 puntos.
11. O cambio de adscrición dun posto de traballo de administrativo/a do Servizo de Infraestruturas ao Servizo de Cooperación Polígono de Barro Meis, por mobilidade do posto de traballo e da persoa titular.
12. O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo/a, que queda vacante no Servizo de Cooperación, ao Servizo de Infraestruturas, por mobilidade de postos de traballo.



13. O cambio de adscrición do posto de traballo de auxiliar administrativo/a, ocupado pola funcionaria IAD, do Servizo Oral ao Servizo de Turismo, por redistribución de efectivos, pasando a denominarse auxiliar de información e xestión.
14. O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo, que se atopa vacante, de Secretaría Xeral ao Servizo de Igualdade, por necesidades do Servizo.
15. O cambio de denominación dos seguintes postos de traballo do Museo Provincial, por unificación das nomenclaturas:

<b>POSTO DE TRABALLO 2023</b>	<b>POSTO DE TRABALLO 2024</b>
AXUDANTE/A ARQUIVO DOCUMENTAL	TÉCNICO/A MEDIO/A ARQUIVO DOCUMENTAL
AXUDANTE/A CONSERVACIÓN ARQUIVO GRÁFICO	TÉCNICO/A MEDIO/A CONSERVACIÓN ARQUIVO GRÁFICO

16. O cambio de denominación do posto de auxiliar de xestión tributaria e información integrado no Centro Príncipe Felipe, polo de auxiliar de información e xestión, para adecualo ás súas funcións.
17. Deixar sen efecto a transformación do posto de traballo de xefatura da Unidade de Cociña nun posto de xefatura de Unidade de Cociña e Comedor, por estar desconforme o titular coa alteración do contido do posto que ocupa, sen efectuar unha valoración previa do novo posto en base á asignación de funcións, responsabilidades e persoal actualmente integrado noutra Unidade.

Segundo.- Desestimar todas as demais alegacións presentadas polas seccións sindicais de CCOO, UGT e USO, xa que ningunha delas se fundamenta nos motivos de reclamación previstos no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aínda que se aceptasen algunha das cuestións expostas.

Resultando que o custo salarial que deriva destes cambios pódese afrontar co montante total do crédito inicial, debido á amortización de tres prazas e á existencia de vacantes nos servizos aos que están adscritos os correspondentes postos de traballo.



Resultando que a modo de resumen se reflicten e actualizan a continuación os cambios que se introducen no cadro de persoal e na RPT de persoal funcionario, laboral fixo e eventual, comparando o inicio do ano 2023 co próximo exercicio, tendo en conta as creacións sen compensación que se produciron ao longo do ano 2023, as modificacións da aprobación inicial e as incorporadas agora na aprobación definitiva:

Relación de emprego	Plantilla 2023	PEET	Amortizacións	Creacións e equiparación PEET	Plantilla 2024
Persoal Funcionario de carreira	806	4	25	127	908
Persoal laboral fixo	120	2	88		32
Persoal eventual	25				25
<b>Total persoal</b>	<b>951</b>	<b>6</b>	<b>113</b>	<b>127</b>	<b>965</b>
Corporación dedicacións exclusivas/ parciais	16		10		6

Resultando que en Intervención advertiuse un erro na páxina 8ª correspondente coa denominación do subconcepto “462.03” nos seguintes documentos do expediente do orzamento:

- 01 Depo\_20.- orzamento de gastos por subconceptos económicos.
- 05 Consolidado \_03.- orzamento de gastos consolidado, por subconceptos económicos.

Como consecuencia, procédese á súa rectificación, de forma que **onde di:**

462.03 A concellos, bolseiros oficinas de turismo

**Debe dicir:**

462.03 A concellos, plan de cooperación para o emprego

Dita corrección materialízase engadido ao expediente os documentos:

- 01 Depo\_20 bis.- orzamento de gastos por subconceptos económicos.



- 05 Consolidado \_03 bis.- orzamento de gastos consolidado, por subconceptos económicos.

Considerando que o artigo 170.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 22.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do título VI da Lei 39/88, dispón que unicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación ós trámites establecidos nesta Lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación ós gastos orzamentarios ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.

Considerando que tal e como determina o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do Emprego Público de Galicia, a relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia

Considerando que a teor do disposto no art. 37 do Real decreto legislativo 2/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda, entre outras, a aplicación do



incremento das retribucións do persoal ó servizo das Administracións Públicas así como a determinación e aplicación de retribucións dos funcionarios, quedando excluídas expresamente da obrigatoriedade da negociación as decisións das Administracións Públicas que afecten ás súas potestades de organización e á determinación das condicións de traballo do persoal directivo, entre outras. Neste senso, unha ampla e reiterada xurisprudencia, como a recollida na Sentenza do TSJ de Extremadura núm. 532/2005, de 16 xuño, reconece que o principio de autoorganización nas Administracións Locais, nas distintas materias relacionadas coa súa organización administrativa, está referido, fundamentalmente, á facultade para establecer as súas propias estruturas organizativas, de conformidade coa Constitución e os límites que estableza o Lexislador. Iso leva que sexa a Administración o único ente que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa en exercicio desa potestade de autoorganización. Na mesma liña pronúnciase o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do contencioso-administrativo, Sección 1ª), mediante sentenza núm. 451/2012, de 21 marzo, ao indicar que “a finalidade do mellor servizo aos intereses xerais que se desprende do artigo 103 da Constitución presupón a atribución á Administración da capacidade de organización e coordinación dos seus servizos, sendo indiscutible tal facultade da Administración de organizar os servizos ao seu cargo na forma que estime máis conveniente aos intereses públicos, (...). A elaboración ou confección da RPT integra, por tanto, unha cuestión organizativa que atopa adecuado encaixe dentro das facultades que nese aspecto corresponden á Administración (...).

Considerando que examinadas as alegacións formuladas polas Seccións Sindicais de CCOO e UGT pódese comprobar que ningunha delas se fundamenta nos motivos contemplados no referido artigo 170.2 do TRLRFL, e a maioría afectan á potestade de autoorganización da Corporación Provincial, a quen lle incumbe valorar as concretas necesidades da organización administrativa, coordinar os servizos ó seu cargo e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura.

Considerando que ademais, gran parte xa foron tratadas na negociación e reproducen integramente as expostas no seu momento, non obstante, unha vez valoradas, introdúcese na aprobación definitiva a creación de dúas prazas do subgrupo A1 para o Servizo Oral, unha de técnico/a de turismo C1, unha de técnico de calidade C1 e unha de administrativo C1, con cargo a amortización de





tres prazas vacantes, así como a revisión do CD de cinco postos de oficial/a de servizos xerais e subalternos, por equiparación a outros de igual categoría e mesmo contido, e a asignación do factor perigosidade a un posto de traballo do Museo.

Considerando as modificacións do cadro de persoal e relacións de postos de traballo que se propoñen neste expediente de aprobación definitiva, por creacións, amortizacións, cambios de postos, reclasificacións ou revisión do nivel de CD e específico, tramítanse en virtude da potestade de autoorganización da corporación provincial co fin de adecuar a estrutura de persoal ás necesidades reais desta Administración, garantir o normal funcionamento dos servizos, adecuar ás prazas e postos ás funcións que están a desenvolver e adscribir as persoas funcionarias aos servizos nos que viñan desenvolvendo a súa actividade, o que se leva a cabo con fundamento no artigo 4.1 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Considerando que en canto ao erro detectado por Intervención, cabe sinalar que a aprobación inicial é un acto de trámite que pode ser modificado antes da aprobación definitiva no período de reclamacións, tal como precisan os artigos 169 e 170 do TRLRFL. Ademais, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, (LPACAP), permite ás Administracións Públicas rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando que segundo se recolle no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, ao amparo do disposto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

En base ós antecedentes e fundamentación xurídica exposta e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda o Pleno da Corporación Provincial, acorda por maioría, de votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG:

**Primeiro:** Estimar a alegación de D. Daniel Santos Carragal sobre a modificación do posto de traballo que desempeña e non alterar o seu contido, quedando como xefatura da unidade de cociña, tal e como estaba configurado o posto na RPT de persoal funcionario adscrito ao Centro Príncipe Felipe.



Segundo: Desestimar as alegacións presentadas polos Sindicatos CCOO, UGT e USO, polas razóns expostas nos apartados anteriores, salvo as incluídas na proposta do deputado delegado de persoal relativas á creación de dúas prazas de técnico/a superior de xestión tributaria do subgrupo A1, unha de técnico/a de turismo do subgrupo C1, unha de técnico/a de calidade do subgrupo C1 e unha de administrativo/a do subgrupo C1, con cargo a amortización de tres prazas que se atopan vacantes, así como a revisión do complemento de destino de cinco postos de oficial/a de servizos xerais e subalternos adscritos ao Museo Provincial, por equiparación a outros de igual categoría e mesmo contido, ademais da asignación do factor perigosidade a un posto de oficial/a de servizos xerais e mantemento do Museo Provincial.

Terceiro: Aprobar definitivamente o cadro de persoal e relacións de postos de traballo do ano 2024 coas modificacións sinaladas sobre a aprobación inicial na proposta do deputado delegado de persoal, concretamente detalladas no apartado quinto dos antecedentes.

Cuarto: Rectificar o erro detectado na páxina 8ª correspondente coa denominación do subconcepto “462.03” nos seguintes documentos do expediente do orzamento:

- 01 Depo\_20.- orzamento de gastos por subconceptos económicos.
- 05 Consolidado \_03.- orzamento de gastos consolidado, por subconceptos económicos.

E por conseguinte, proceder á súa emenda, de forma que **onde di:**

462.03 A concellos, bolseiros oficinas de turismo

**Debe dicir:**

462.03 A concellos, plan de cooperación para o emprego

Dita corrección materialízase engadindo ao expediente os documentos:

- 01 Depo\_20 bis.- orzamento de gastos por subconceptos económicos.



- 05 Consolidado \_03 bis.- orzamento de gastos consolidado, por subconceptos económicos.

Quinto:- A aprobación definitiva do Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2024 que está integrado por:

- O orzamento da Deputación de Pontevedra, por importe de 189.283.429,00 euros.
- O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 630.617,00 euros.
- O orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, por importe de 3.992.300,00 euros.
- O orzamento do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, por importe de 1.188.738,00 euros
- O Orzamento Xeral consolidado, por importe de:
  - En ingresos.....193.157.062,00 euros.
  - En gastos.....193.157.062,00 euros.

-As bases de execución do Orzamento Xeral da Deputación, e as específicas da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

- O organigrama da Deputación, o da Fundación Escola Universitaria de Enfermería o do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e o do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

- Os cadros do persoal funcionario, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral fixo, directivo e eventual da Deputación de Pontevedra, da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de



Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, coas modificacións sinaladas sobre a aprobación inicial na proposta do deputado delegado de persoal de data 14 de decembro de 2023 e que son as seguintes:

- A creación de dúas prazas do subgrupo A1, de técnico/a superior de xestión tributaria, con posto de traballo de técnico/a tributario/a, adscrito ao Servizo ORAL, a fin de impulsar a promoción interna do persoal do subgrupo inferior que vén desenvolvendo maiores funcións e co fin de dotar os servizos de persoal técnico de nivel superior. Esta creación levarase a cabo sobre dúas prazas de técnico medio do subgrupo A2, as cales se declaran a extinguir unha vez rematado o correspondente proceso selectivo, para así non duplicar a consignación orzamentaria.
- A creación dunha praza do subgrupo C1, de administrativo/a de admón. xeral, con posto de traballo de igual denominación, adscrito ao Museo Provincial, co obxecto de facilitar a promoción interna do persoal do subgrupo inferior que asume maiores funcións. Esta creación levarase a cabo sobre unha praza de auxiliar do subgrupo C2, a cal se declara a extinguir unha vez rematado o correspondente proceso selectivo, para así non duplicar a consignación orzamentaria.
- A creación dunha praza de técnico/a de turismo, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Turismo, para dar maior estabilidade ó servizo de atención ao público e información turística.
- A creación dunha praza de técnico/a de calidade, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito á Estación Fitopatolóxica de Areeiro, para que se encargue dos certificados de calidade actuais AENOR e IQnET así como do ENAC esixido pola UE para o diagnóstico de determinados patóxenos.
- A creación dunha praza de analista de laboratorio, do subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Medio Ambiente, Finca Mouriscade, dado o volume de traballo existente no laboratorio e aos cambios de adscrición de dous postos deste centro por redistribución de efectivos.



- A amortización dun posto de traballo laboral fixo de administrativo/a do Museo Provincial por defunción do titular e para compensar as anteriores creacións.
- A amortización dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, con posto de traballo de administrativo adscrito ao Servizo de Medio Ambiente, vacante pola xubilación da titular.
- A amortización dunha praza de enxeñeiro/a técnico/a agrónomo/a, do subgrupo A2, con posto de traballo de xefatura de sección loita biolóxica A2-25 adscrito á Estación Fitopatolóxica Areeiro, vacante por promoción da titular.
- A revisión do complemento de destino de cinco postos de traballo de oficial/a de servizos xerais e subalternos do Museo Provincial, que pasan do nivel 16 ao 17, por equiparación a postos do mesmo subgrupo de clasificación e funcións.
- A asignación do factor perigosidade ao posto de traballo de oficial/a de servizos xerais e de mantemento de nivel 17, do Museo Provincial, por equiparación a postos de traballo de similares características do mesmo centro de traballo, expostos a idénticos riscos e que contan con 0,70 puntos.
- O cambio de adscrición dun posto de traballo de administrativo/a do Servizo de Infraestruturas ao Servizo de Cooperación Polígono de Barro Meis, por mobilidade do posto de traballo e da persoa titular.
- O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo/a, que queda vacante no Servizo de Cooperación, ao Servizo de Infraestruturas, por mobilidade de postos de traballo.
- O cambio de adscrición do posto de traballo de auxiliar administrativo/a, ocupado pola funcionaria IAD, do Servizo Oral ao Servizo de Turismo, por redistribución de efectivos, pasando a denominarse auxiliar de información e xestión.



- O cambio de adscrición dun posto de traballo de auxiliar administrativo, que se atopa vacante, de Secretaría Xeral ao Servizo de Igualdade, por necesidades do Servizo.
- O cambio de denominación dos seguintes postos de traballo do Museo Provincial, por unificación das nomenclaturas:

POSTO DE TRABALLO 2023	POSTO DE TRABALLO 2024
AXUDANTE/A ARQUIVO DOCUMENTAL	TÉCNICO/A MEDIO/A ARQUIVO DOCUMENTAL
AXUDANTE/A CONSERVACIÓN ARQUIVO GRÁFICO	TÉCNICO/A MEDIO/A CONSERVACIÓN ARQUIVO GRÁFICO

- O cambio de denominación do posto de auxiliar de xestión tributaria e información integrado no Centro Príncipe Felipe, polo de auxiliar de información e xestión, para adecualo ás súas funcións.
- Deixar sen efecto a transformación do posto de traballo de xefatura da Unidade de Cociña nun posto de xefatura de Unidade de Cociña e Comedor, por estar desconforme o titular coa alteración do contido do posto que ocupa, sen efectuar unha valoración previa do novo posto en base á asignación de funcións, responsabilidades e persoal actualmente integrado noutra Unidade.

-O Anexo de investimentos para o exercicio 2024.

-O plan (marco) orzamentario a medio prazo 2023-2025.

-Os resúmenes por capítulos dos estados de gastos e ingresos dos orzamentos indicados, que son os seguintes:

## ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	52.177.964,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos...	41.005.328,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	150.003,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	41.717.245,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.	1.000.000,00 €
Total Operacións correntes.....	136.050.540,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	



Capítulo 6.- Inversións reais.....	13.066.789,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	39.893.700,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	0,00 €
Total Operacións de Capital.....	53.232.889,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>189.283.429,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos.....	16.492.234,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	14.651.024,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.437.404,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	141.964.563,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	2.615.304,00 €
Total Operacións correntes.....	188.160.529,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de inversións reais.....	850.500,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.400,00 €
Total Operacións de Capital.....	1.122.900,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>189.283.429,00 €</b>

### ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

#### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	568.117,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	61.400,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	100,00 €
Total Operacións correntes.....	629.617,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais.....	1.000,00 €
Total Operacións de Capital.....	1.000,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>630.617,00 €</b>

#### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	125.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	504.615,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	2,00 €
Total Operacións correntes.....	629.617,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	1.000,00 €
Total Operacións de Capital.....	1.000,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>630.617,00 €</b>



ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA  
PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E  
SALVAMENTO.

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	3.175.938,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos...	778.302,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	5.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.000,00 €
Total Operacións correntes.....	3.962.240,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais.....	30.060,00 €
Total Operacións de Capital.....	30.060,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>3.992.300,00 €</b>

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 3.-Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.065.200,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	1.927.000,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	100,00 €
Total Operacións correntes.....	3.992.300,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>3.992.300,00 €</b>

ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA  
INCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E  
TABEIRÓS-TERRA DE MONTES.

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	1.013.121,27 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	175.116,73 €
Total Operacións correntes.....	1.188.238,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais.....	500,00 €
Total Operacións de Capital.....	500,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>1.188.738,00 €</b>

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	249.424,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	939.314,00 €





Total Operacións correntes.....	1.188.738,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>1.188.738,00 €</b>

## ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

### ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	56.935.140,27 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	42.020.146,73 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	150.103,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	39.785.223,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.003.000,00 €
Total Operacións correntes.....	139.893.613,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais.....	13.098.349,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	39.892.700,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	0,00 €
Total Operacións de Capital.....	53.263.449,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>193.157.062,00 €</b>

### ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos.....	16.492.234,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	14.651.024,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	14.877.028,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	143.398.470,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	2.615.406,00 €
Total Operacións correntes.....	192.034.162,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais.....	850.500,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.400,00 €
Total Operacións de Capital.....	1.122.900,00 €
<b>TOTAL ORZAMENTO.....</b>	<b>193.157.062,00 €</b>

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

